

Películas para ver en familia estes días:

Talentos Ocultos Campeones Wonder Billy Elliot Dora



Reflexionade sobre a trama da película e non lle dedes importancia a algún vocabulario que non se debe utilizar.

Quedou pendente a nosa participación no X Concurso Escolar “Cuidemos el Medio Ambiente” quedaban nenos sen entregar a súa árbore elaborada con elementos de refugallo. Ao volver ao colexio poñeremos en conxunto todas as árbores para presentar o noso traballo ao concurso.

Nestes momentos de separación de familiares, amigos... botes, caixas, sobres...



Na clase temos un artista na elaboración de pulseiras, anímovos a buscar algún tutorial e facer unha ou varias pulseiras da amizade para á volta ao colexio, compartir cós compañeir@s.



Recordade os nosos momentos de relax con Noelia a mestra de yoga que ven a nosa clase os luns. Mándovos algunhas actividades para non olvidar os exercicios.

<https://youtu.be/Q4ODsJ7ryUA>

[https://youtu.be/mbX1zehQt\\_Y](https://youtu.be/mbX1zehQt_Y)





Esto é o que vexo dende a miña habitación, en momentos libres decoramos a fiestra para compartir cós veciños mensaxes de “Todo irá ben” ou “Eu quédome na casa”. Invítovos a que compartades o que vedes vós dende a vosa fiestra, fecede unha descrición dende o que tedes máis cerca ata o que vedes ao lonxe. Recordade fixádevos nos pequenos e importantes detalles. Tarefa a facer nun folio ou libreta.


Na clase temos dous grandes artistas na elaboración de origamis, invítovos a que busquedes algún tutorial dalgún origami para decorar a nosa porta ao volver ao colexio.




Anotamos nun papel as grandes cousas que faremos cando todo volva a normalidade explicando o por que e con quen o faredes. Oxalá poda celebrar o meu aniversario con vós no cole. Tarefa a facer nun folio ou libreta.

Para fin de curso, preciso dun debuxo voso con todo detalle, animádevos a facelo nestes días.

Recordades os retos?, aquí van algúns:



Solución:





Solución:

Sabedes o importante que é practicar as cousas para afianzar, aproveitade estes días a ler moito, repasar taboas de multiplicar e sumar, restar, multiplicar e dividir . Cada día un pouco non supón ningún esforzo. Despois da Semana Santa o traballo aumentará.

Espero veros pronto, apertas, Cris.